

ORGAIZACIÓN DA MOBILIDADE DE ALUMNOS PARA PRÁCTICAS EN EMPRESAS A TRAVÉS DO PROGRAMA

ERASMUS

Contido:

- 1.- Información xeral do programa Erasmus
- 2.- Información para os alumnos
- 3.- Enquisa o alumnado de 1º previa á solicitude

1.- Información xeral do programa Erasmus

O programa Erasmus ten como obxectivo atender ás necesidades de ensino e aprendizaxe de todos os participantes en educación superior formal e en formación profesional de nivel terciario.

Para iso abrangue as seguintes accións:

- Estudantes para estudos
- **Estudantes en prácticas**
- Mobilidade docente
- Formación de persoal
- Organización da mobilidade
- Programas intensivos
- Cursos intensivos de idiomas
- Visitas preparatorias

Neste documento explicárase unicamente a acción "Estudantes en prácticas"

En España a xestión realízase a través do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE), cuxa páxina web é: <http://www.oapee.es/oapee/inicio.html>

A acción de estudantes en prácticas implica a realización de toda ou parte da FCT dun estudante de FP de GRAO SUPERIOR nun país da Unión Europea, cos mesmos efectos de recoñecemento que se o tivese realizado nunha organización española

2.- Información para os alumnos

¿Que é a acción Estudantes en Prácticas do programa ERASMUS?

A acción de Estudantes en prácticas é unha acción de mobilidade organizada pola UE para permitir a realización de prácticas noutra empresa ou organización europea nun prazo determinado de tempo e recoñecendo totalmente no país de orixe as prácticas realizadas no estranxeiro.

¿Como encaixa o programa ERASMUS na Formación Profesional?

O período de prácticas, é dicir, a Formación en Centros de Trabajo (FCT) realizarase nunha empresa ou organización doutro país participante. O obxectivo é contribuír a que as persoas se adapten ás esixencias do mercado laboral a escala comunitaria, adquiren aptitudes específicas e melloren a súa comprensión do ámbito económico e social do País do que se trate, á vez que adquiren experiencia laboral

As organizacións de acollida para as prácticas de estudantes poden ser empresas, centros de formación, centros de investigación e outras organizacións

¿Cales son os requisitos para participar?

- Ser alumno de Grao Superior do CIFP Someso
- Ter nacionalidade da UE ou tarxeta de residencia permanente en España
- Ter competencia lingüística do país de acollida
- Presentar a solicitude dentro do prazo previsto, cumprida toda a documentación requirida
- Estar en disposición de realizar as FCT
- Completar o período de FCT no país e a empresa de destino
- Asumir a empresa e cidade de destino asignada

¿Como se adxudican as bolsas?

O modelo de solicitude a presentar así como o prazo correspondente indicárase no taboleiro de anuncios do centro e poderase descargar da páxina web deste.

Os criterios de valoración serán os seguintes:

-Ata 4 puntos por expediente académico do primeiro curso.

- 1 punto por cada módulo puntuado con 9 ou 10
- 0,5 por cada módulo puntuado con 7 ou 8

-Ata 3 puntos por competencia lingüística

- Para iso establecerase unha proba oral e escrita á que deberá presentarse o alumno

-Ata 3 puntos polo informe emitido polo titor/a do alumno no que se valorará a responsabilidade, autonomía, capacidade de adaptación a situacións novas, interese mostrado na realización deste tipo de prácticas e outras competencias clave

¿Debo facer unha proba de coñecemento de idioma?

Se o Centro o considera conveniente, realizarase unha proba da que se informará no seu momento

¿Cal é a duración da estanza?

A correspondente ao período de FCT determinado en cada Ciclo Formativo



¿Canto se percibe pola bolsa?

A contía da bolsa da OAPEE para o ano 2011 foi de 725 € para unha FCT de 380 horas de duración.

O 80% desta cantidade ingresarase na conta corrente do alumno unha vez formalizada a documentación previa ao comezo da FCT e o 20% restante á finalización desta.

Tamén pode optarse a outras axudas complementarias do MEC e a Consellería (DOG núm 92 de 12 maio de 2011).

No caso de non completar a estanza, o alumno debe devolver a totalidade da bolsa

¿Que debo pagar coa bolsa?

Todos os gastos que se xeren con motivo da realización da FCT:

- Viaxes e desprazamentos
- Aloxamento e manutención
- Seguro. (A Consellería proporciona un, pero é moi recomendable facer un seguro de viaxe e responsabilidade civil complementario)
- Empresas intermediarias que axudan á busca de empresas de acollida (se o alumno elixe esta opción)
- etc

¿Onde se realizan as prácticas?

Nunha empresa ou organización dun país da UE distinto ao de orixe.

Pódense realizar as mobilidades Erasmus nos 27 estados membros da Unión Europea e tamén en Islandia, Liechtenstein, Noruega ,Turquía e Suíza.



Quen decide a empresa?

O Centro

¿Quen busca a empresa?

- Opción A: O alumno busca e propón unha empresa ou organización situada nun dos países da zona Erasmus. O Centro comprobará a idoneidade desta antes de aceptala.
- Opción B: O Centro axuda na busca da empresa nun determinado país e sector
- Opción C: O alumno pode contratar unha empresa intermediaria para que realice esa busca. O Centro pode facilitarlle a información, pero o custo corre por conta do alumno

¿Que documentos debo asinar?

Ademais das solicitudes, os alumnos deben asinar o compromiso de realización das prácticas e mostrando o seu acordo coas condicións económicas.
Tamén deberán asinar o seu acordo sobre o programa formativo, e cumprir a documentación e os informes finais que lle sexan requiridos

¿Quen realiza o seguimento?

Ao igual que na FCT, o seguimento é realizado polo titor da empresa de acollida e o titor do Centro de orixe, habitualmente a través de procedementos telemáticos

Enlaces de interese:

-www.oapee.es

-<http://www.oapee.es/dctm/weboapee/pap/erasmus/estudiantes-en-practicas/faqs-smp-2011rmarzo2011.pdf?documentId=0901e72b809cc07e>



Solicitud para a realización das FCT no estranxeiro

Nome:

Apelidos:

DNI:

Teléfono:

E-Mail:

Ciclo Formativo:

Duración da FCT:

País/Paises:

Idiomas:

Bolseiro MEC :

Explica brevemente no idioma do país elixido, (ou en inglés se fose o caso) , as razóns polas que queres facer alí as FCT